



CLUB DEPORTIVO HYDRA
TEIXEIRO



VI TORNEO SOLIDARIO DE BÁDMINTON DE TEIXEIRO 2025

CLUB DEPORTIVO HYDRA

- Sábado 20 de decembro no pavillón polideportivo de Teixeira.
- Desde as 10:00 ata rematar. Como máximo ás 20:00 horas.
- **Finalidade**
 - Carácter lúdico - festivo.
 - Carácter solidario.
 - Aberto a todos e todas independentemente do seu nivel de bádminton.
- **Parte 1 Pola mañá: Competición e categorías:**
 - Torneos de individual masculino e feminino nas categorías escolares (ata secundaria) e de dobres mixtos (a poder ser) en adultos, incluíndo idades de bacharelato.
 - Idades:
 - Primaria pequeniños (ata 2º)
 - Primaria de 3º a 6º.
 - Secundaria.
 - Maiores e adultos (torneo de dobres). As parellas sortearanse entre os participantes. Serán mixtas, agás imposibilidade polas inscricións.
 - Para aqueles pequenos que nunca colleran unha raqueta, poderemos inscribilos na categoría máis axeitada.
 - Sistema de grupos, semifinais e finais preferiblemente. No caso de 5 ou menos inscricións, liga e se hai moitiiiisima inscrición, sistema suízo.
 - Partidos a un set de 30 puntos sen prolongación.
 - Arbitran os propios participantes.
- **Parte 2 (despois da competición) retos libres de individual ou dobres.**
 - A un set de 30 puntos.
 - Retos de parellas de categorías mixtas adulto/a – neno: Un/ha adulto xunto cun/ha menor (idade primaria), como por exemplo pais/nais xunto co fillo/a.
 - Outros retos de individual.
 - Despois do reto, se debe deixar pista libre para outras parellas.

Asociación "Club Deportivo Hydra" --- NIF: G70589650 --- e-mail: cdhydra@gmail.com





CLUB DEPORTIVO HYDRA TEIXEIRO



- **Inscrición:**

- No correo electrónico cdhydra@gmail.com, nos teléfonos 691523135 (Cova) ou 640763080 (Javier) ou persoalmente: Indicar o nome, data de nacemento e teléfono. Tamén se pode enviar por Whatsapp a Javier.
- Unha vez reunidas todas as inscricións asignaranse as parellas mediante sorteo entre todos.
- **Cota de inscrición solidaria:**
 - Un kilo ou litro de **alimentos non perecedoiros** que entregarán á organización o mesmo día do torneo no pavillón de Teixeira.
- **Data tope de inscrición:**
 - Luns 15 de decembro de 2025.
- **Tope de inscritos:**
 - Prevedemos un máximo de 96 participantes, xa que a partir de aí se xogarán poucos partidos.

- **Outras normas do torneo:**

- Normas de partido da Federación de Bádminton.
- Haberá un pequeno receso ao mediodía para xantar, falar... (se hai tempo)
- Medallas para os gañadores.
- Medallas para o maior e menor participante.
- Agasallo da organización a todos os/as participantes.